



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/11/2008.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na estrada N-550, no lugar da Cañoteira, e preto da encrucillada desta estrada coa N-554, existe un miliario, tamén coñecido polo nome de marco da legua.

Segundo o libro *Relojes de piedra en Galicia*, do autor José Luís Basanta Campos, e editado pola Fundación Pedro Barrié de La Maza no ano 1986, este tipo de elemento da arquitectura tradicional data de finais do século XVIII formando parte das obras de explanación da estrada Santiago - Ponte Valga, iniciadas por Arzobispo Raxoi e continuadas e rematadas por Arzobispo Malvar.

A súa función era a de sinalar o punto quilométrico das antigas vías de comunicación. Ademais este en particular ten un reloxo de sol ao cal lle faltan algúns elementos debido á falta de protección e descoido existente por parte do Concello.

A súa ubicación, á beira dunha estrada, fai que corra grandes riscos de sufrir a colisión dalgún vehículo. No miliario xa se poden observar desperfectos producidos por carecer de protección e de sinalización.

Por todo isto **SOLICITA:**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa levará a cabo as medidas oportunas para protexer o marco de legua existente na N-550, no lugar da Cañoteira.

**Segundo.** O Concello de Vilaboa incluírá dentro do inventario de patrimonio histórico-artístico do Concello, no caso de que non figure, dito miliario.

Vilaboa, 21 de novembro de 2008.

Tomás Boullosa Moure

AO SR ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA